

Martes, 24 de maio de 2022

Núm. 98

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Urbanismo e Patrimonio

*APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA
ÁREA DE REPARTO EN SUNC AR-I-01 BARRIO DO CURA*

EXPEDIENTE : 5282/401

ASUNTO: Proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura

ANUNCIO

Aprobación inicial do proxecto de urbanización do polígono único da área de reparto en SUNC AR-I-01 Barrio do Cura (expte. 5282/401)

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de maio de 2022, adoptou o seguinte acordo:

«*Primeiro.-* Prestar aprobación, con carácter inicial, ao «Proxecto de urbanización do Polígono único da Área de Repartición en solo urbano non consolidado -AR I-01- delimitada pola Modificación Puntual do Plan Xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», documento técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 23.03.2022 ,baixo o Cod. Sol.: W673557-893, redactada por un equipo multidisciplinar, conformado polo arquitecto Alfonso Penela, Arquitectura Agronomía e OTIMA, SL, datada en marzo de 2022, e asinada dixitalmente polos técnicos directores dos traballos. o 23.03.2022.

Segundo.- Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina Web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos, así como as empresas operadoras de telefonía, e as prestadoras de servizos-, Aqualia, Unión Fenosa e Gas Galicia.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CCF8AHOCD2LYEIF



Martes, 24 de maio de 2022

Núm. 98

Terceiro.- Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito.

Cuarto.- Advírteselle á entidade “Barrio do Cura Desarrollo, SL” que, con anterioridade á súa aprobación definitiva, esixirase documento refundido da documentación aprobada, coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública ,dos informes sectoriais que se emitan, así como as que deriven e dean cumprimento debido, ás observacións técnicas referidas, que tal e como se ten indicado, revisten un alcance menor e en todo caso compatible coa presente proposta de aprobación inicial.»

Aos efectos do disposto no apartado segundo da parte dispositiva deste acordo, a documentación íntegra aprobada inicialmente poderá consultarse na seguinte ligazón: https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ e no departamento de Información de Urbanismo, sito na planta baixa do edificio da Xerencia de Urbanismo (Praza do Rei, s/n – Vigo), para a súa consulta e a presentación de cantos documentos ou escritos de alegacións estimen convenientes.

* Poden poñerse en contacto co departamento de Información de Urbanismo, para solicitar cita previa ou para resolver calquera dúbida ao respecto, no teléfono 986.810.349

* Para presentar documentos ou escritos de alegacións deben solicitar cita previa no Rexistro de Urbanismo no teléfono 986.810.344

BRY/Er

Vigo, na data da sinatura dixital

A VICEPRESIDENTA DA XMU

(Resolución do 11.07.2019)

Asdo. María José Caride Estévez

